

Luís Pimentel

Posted on Luns, 2 Novembro, 2015



Baldomero Iglesias Dobarrio (*Mero*)

En Lugo a familia Pimentel é moi recoñecida e querida, non só pola transcendencia da familia ou polo Sanatorio Pimentel, da Rúa Aguirre –enfronte da muralla, hoxe desaparecido- que foi lugar de benéficos dons, cuantificados en saúde e esperanza para a cidade, senón, sobre todo, por cadrar nuns tempos represivos e grises que perseguían a todos os que pensaban ou que soñaban tempos mellores. Tamén había unha sombreirería na Praza Maior que era dos Pimentel, e a miña profesora de Lingua Española e Literatura. Pero quen máis chamaba a atención era D. Luís Pimentel, médico e poeta. Sobre todo o poeta,

misterioso, alto e fraco, encurvado na altura, pálido e subido alá enriba onde eu, pequeno aínda, non chegaba a ver a totalidade do seu rostro, nin por moito que subise a calquera óptica ilusión. Só a distancia permitía verlle a faciana nunha nube de fume, cheo de cavilacións detrás duns lentes. Aquel home melancólico e taciturno, pousado nun tempo de cativas esperanzas, preocupado do triste fado que nos caera enriba e do que eu aínda, pobre de min, non era consciente. Ninguén sabía que tantas cousas podería trazar co seu maxín, nin supoñía aquilo que levaba dentro e tanto lle levaba a atención.

Era un renovado poeta, escritor... -dicían. Participaba dos faladoiros de Lugo, no Méndez Núñez, con aquela xeración enorme de bos e xenerosos. Co tempo, souben del e da súa arte no relato poético, dos seus tráxicos poemas, das máxicas realizacións, en verso tecido desde a dor, minuciosamente, e desde a anarquía do dicir, antes aínda da estética, que –por suposto- tampouco faltaba. Volví a el con Isaac Díaz Pardo, cando me levou a ler de novo o poema das “Cunetas” (*Poesía enteira*). Facer canción con aqueles versos alborotados en rima e métrica pero tan auténticos en calquera ritmo, propios para retorcernos na memoria e no pasado que aínda nos pesaba. Todo un reto e démolo feito, quedou gravado cun estranxo estarcedor, dorido poema que aínda pinga anilina desde as bandeiras esfarrapadas, desde os arrabaldes, onde sempre, se trama o crime. Poema único, no que se recoñece que só sofren os que aman a Galicia. Coma hoxe. Maldición! No aire “un cheiro de bombas mortas, e máis medo. Medo, Señor, ...isto é o home! Tí sabes que todos os días hai un home morto na cuneta, que ninguén coñece aínda. Unha muller sobre o cadáver do seu home chora. Chove. Negra sombra, hai un misterio na nosa terra, máis alá da néboa, do mar, da chuvia, ...” Toda unha alegación desde as fiestras do sanatorio, carros de homes cara á morte no muro exterior de pedra do Cemiterio –hoxe un hotel, cousas veredes!

Tamén dixo, noutro poema, que a poesía é o gran milagre do mundo, no que hai que ensinar sen berros porque o poeta é un mestre sen ira, capaz de pulir frontes de seixo e chegar a descubrir rosas invisibles da noite, para sentir o borboiño do propio sangue en latexos. Versos tallados lentamente que precisan ser lidos co mesmo sosego. Hoxe hai, na Praza Maior de Lugo, un monumento que o recorda, agradecida memoria dunha cidade na que viviu e da que soubo interpretar os mesmísimos silencios cando voan doces e abanan noites, cheas de voces para recuperar a dignidade de ser quen somos. Home alto, enigmático, dicía cousas tan certas e bonitas que, ao lelo, sentes estremecer o corpo nos recendos dos afectos!